

## OPEN XUVENTUDE TROFEO JESÚS MARTÍNEZ “SUSO” RIBADAVIA - DOMINGO 2 DE XUÑO DE 2.019

**ESPECIALIDADES:** Salmónidos Lance e Mosca.

**CATEGORÍAS:** En tódalas categorías participarán nenos e nenas de forma conxunta.

Benxamín: De 7 a 11 anos, cumpridos no ano 2019.

Infantil: De 12 a 14 anos, cumpridos no ano 2019.

Xuvenil: De 15 a 18 anos, cumpridos no ano 2019.

**Nº DE PRAZAS:** 30.

### **PROGRAMA**

09,45 h. Concentración de participantes na área recreativa de “A Veronza” (Ribadavia), sorteo de quendas e entrega de plicas.

10,15 h. Inicio da 1ª quenda (Pescan a metade dos inscritos).

11,45 h. Final da 1ª quenda.

12,00 h. Inicio 2ª quenda (Pescan a outra metade dos inscritos).

13,30 h. Final da 2ª quenda.

14,30 h. Xantar de irmandade no Bar “Ribadavia”.

16,00 h. Entrega de trofeos e agasallos e clausura.

Realizarase unha charla de sensibilización ambiental e fomento da pesca sen morte para a metade dos participantes mentres pesca a outra metade. En caso de que o número de participantes inscritos sexa igual ou inferior a 10 realizarase unha soa quenda de 10:30 h. a 13:00 h. e a charla realizarase para todos ao rematar entre as 13:00 e as 14:00 h.

**ESCENARIOS DE PESCA:** Tramo libre de pesca sen morte de Ribadavia de 800 m. no Rio Avia.

### **BASES**

- Para participar é necesario ter cumpridos os 7 anos no ano 2019, ter en vigor a licenza de pesca fluvial de Galicia e a licenza federativa de competición. (A A.D. Natural como entidade co-organizadora do evento ofrece a posibilidade de tramitar a licenza federativa a aqueles que non a teñan se o solicitan antes do día 29 de Maio.)
- Tamén é necesario contar con autorización dos pais e ou tutores legais para poder participar e estar acompañado en todo momento por eles ou por un adulto ao que designen. (Adxúntase modelo)
- Haberá tres categorías previstas se hai un mínimo de tres inscritos en cada unha delas: BENXAMÍN, INFANTIL E XUVENIL.
- A modalidade de pesca é de salmónidos lance ou mosca sen morte podendo empregarse a culleriña con un só anzol sen arponciño ou a mosca tamén cun só anzol sen arponziño e un máximo de tres moscas.
- Nas categorías benxamín e infantil todas as pezas pilladas serán puntuadas e na xuvenil puntuarán todas as pezas a partir de 16 cm. de lonxitude.
- A organización disporá de medidores e controis para medir e anotar as capturas. As capturas serán devoltas inmediatamente á auga tras ser medidas polo control.
- Haberá trofeos para os primeiros clasificados de cada categoría e premios para todos os participantes.



Federación Galega de Pesca



XUNTA  
DE GALICIA

DEPORTE  
GALEGO

### **OUTRAS CUESTIÓNS NON RECOLLIDAS NAS BASES**

Según regulamento de competición da FGPeC.

**ORGANIZAN:** Federación Galega de Pesca e Casting e Agrupación Deportivo Natural de Ribadavia.

Prezo das inscricións:

- Federados: Gratis
- Non Federados: 5 € para a tramitación da licenza federativa.

Nº de conta: ES54 2080 5332 8730 4003 4932

**Información: Tlf.: 689558483 / 699954985**

**Inscricións: Enviando o boletín de inscrición cuberto ao e-mail:**

**[ourensedelegacion@fgpesca.org](mailto:ourensedelegacion@fgpesca.org)**

**Fin do prazo de inscrición: Venres 29 de Maio ás 22:00 h.**

# OPEN XUVENTUDE TROFEO JESÚS MARTÍNEZ “SUSO” RIBADAVIA - DOMINGO 2 DE XUÑO DE 2.019

## BOLETÍN DE INSCRIPCIÓN

**Nome e apelidos:**

**Dirección:**

**DNI:**

**Nº de licencia administrativa:**

**Nº de licencia federativa:**

**Clube:**

**Persoa adulta responsable do menor durante o campionato:**

**DNI:**

**Teléfono de contacto:**

<b>Categoría</b> (Marcar cunha “X”)		<b>Especialidade</b> (Marcar cunha “X”)	
Benxamín (De 7 a 11 anos)		Salmónidos Lance	
Infantil (De 12 a 14 anos)		Salmónidos Mosca	
Xuvenil (De 15 a 18 anos)			

Informámoslle que os seus datos persoais son tratados pola FEDERACIÓN GALEGA DE PESCA coa finalidade de xestionar a relación deportiva establecida con vostede ou co club ou clubs dos que é membro. Vostede poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, dirixíndose por escrito á A FEDERACIÓN GALEGA DE PESCA, PRAZA AGUSTÍN DÍAZ 1, COMPLEXO DEPORTIVO DE ELVIÑA, LOCAL 5, 15008 A CORUÑA.

A FEDERACIÓN GALEGA DE PESCA é a Responsable do tratamento dos datos persoais do Interesado e infórmalle que estes datos serán tratados de conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do 27 de abril (GDPR) e a Lei Orgánica 3/2018 do 5 de decembro (LOPDGDD),



Federación Galega de Pesca



## CONSENTIMENTO EXPLÍCITO PARA O TRATAMENTO DE IMAXES

A FEDERACIÓN GALEGA DE PESCA é a Responsable do tratamento dos datos persoais do Interesado e infórmalle que estes datos serán tratados de conformidade co disposto no Regulamento da UE 2016/679 do 27 de abril (GDPR) e a Lei Orgánica 3/2018 do 5 de decembro (LOPDGDD), e a Lei 1/1982 de protección civil, dereito á honra, intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, polo que se lle facilita a seguinte información do tratamento:

**Fin do tratamento:** gravación de imaxes e vídeos das actividades levadas a cabo polo Responsable do tratamento para dar publicidade das mesmas nos medios de comunicación, redes sociais e páxina web, co consentimento do Interesado.

**Criterios de conservación dos datos:** conservaranse mentres exista un interese mutuo para manter o fin do tratamento e cando xa non sexa necesario para tal fin, suprimiranse con medidas de seguridade adecuadas para garantir a seudonimización dos datos ou a destrución total dos mesmos.

**Comunicación dos datos:** O Interesado pode autorizar ou non o tratamento sinalando cunha "X" na casíña correspondente de **SI** (dou o consentimento) ou **NON** (non dou o consentimento) para as seguintes categorías de destinatarios:

SI	NON	AUTORIZACIÓN PARA COMUNICAR OS DATOS
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<i>Publicación en medios de comunicación propios da Responsable</i>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<i>Publicación en medios de comunicación externos ao Responsable</i>

### Dereitos que asisten ao Interesado:

- Dereito a retirar o consentimento en calquera momento.
- Dereito de acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos seus datos e á limitación ou oposición ao seu tratamento.
- Dereito a presentar unha reclamación ante a autoridade de control ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)) se considera que o tratamento non se axusta á normativa vixente.

### Datos de contacto para exercer os seus dereitos:

FEDERACIÓN GALEGA DE PESCA – ([www.fgpesca.org](http://www.fgpesca.org) / [federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org))

Praza Agustín Díaz nº 1 - Complexo deportivo Elviña (Local 5) – 15008, A Coruña.

Para realizar o tratamento de datos descrito, o Responsable do tratamento necesita o seu consentimento explícito ou o do seu representante legal.

O Interesado consente o tratamento dos seus datos nos termos expostos:

Nome....., con NIF.....

Nai/pai/titor legal de....., con NIF.....

**Sinatura:**

En ....., a ....., día ..... de..... do 20.....



Federación Galega de Pesca



## MODELO AUTORIZACIÓN MENORES DE IDADE

Eu, D/Dña. \_\_\_\_\_ con D.N.I. \_\_\_\_\_ como pai, nai e/ou titor/a legal do deportista \_\_\_\_\_, con D.N.I. - \_\_\_\_\_ dou o meu consentimento e autorización para a súa participación no Campionato de Pesca Trofeo Jesús Martínez “Suso” a celebrar o vindeiro 2 de xuño de 2.019 en Ribadavia. Así mesmo, fágome responsable de que eu mesmo ou un adulto ao que designe vele en todo momento pola custodia e seguridade do indicado deportista durante todo o campionato.

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ de maio/xuño de 2019

Firma do pai, nai e/ou titor/a legal